

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 1674** *Real decreto lei 3/2017, do 17 de febreiro, polo que se modifica a Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, e se adapta ás modificacións introducidas polo Código mundial antidopaxe de 2015.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os primeiros pasos na loita antidopaxe habidos no noso país déronse na década dos anos 60 do pasado século. A adopción de iniciativas neste terreo por parte do Consello de Europa e do Comité Olímpico Internacional (COI) impulsou a participación de España na primeira reunión do grupo de estudo especial sobre dopaxe dos atletas, que se celebrou en 1963 por proposta do organismo europeo. Máis adiante, case trinta anos despois, aprobouse a Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, que supuxo un punto de partida no establecemento dun marco de represión da dopaxe no deporte descoñecido no noso ordenamento xurídico ata aquela.

A aplicación e o desenvolvemento da Lei de 1990 supuxo tamén a entrada en funcionamento da Comisión Nacional Antidopaxe, antecedente inmediato da Axencia Estatal Antidopaxe, primeiro, e da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, máis tarde.

Nesa mesma década, unha incesante produción regulamentaria foi abordando aspectos tan delicados e complexos como a realización de controis con garantías, as condicións xerais para a homologación e o funcionamento de laboratorios públicos e privados, o réxime de infraccións e sancións ou a Lista de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e de métodos non regulamentarios de dopaxe no deporte. Esta integración normativa permitiulle ao noso país incorporarse ao grupo dos países pioneiros en dispoñer dun sistema articulado de control e de represión da dopaxe, xa desde os anos noventa.

En 1999 celébrase en Lausana, auspiciada polo Comité Olímpico Internacional, a Conferencia Mundial sobre a Dopaxe no Deporte, onde se puxo de manifesto a necesidade de afondar na colaboración entre poderes públicos e organizacións deportivas. Con isto asúmese tamén a necesidade de variar as políticas de erradicación da dopaxe seguidas ata aquela, orientándoas cara á creación e ao fortalecemento dun organismo internacional independente que estableza normas comúns para combater a dopaxe e coordine os esforzos das organizacións deportivas e dos poderes públicos.

Froito disto será a constitución, ese mesmo ano, da Axencia Mundial Antidopaxe (AMA). En 2003, a AMA elabora o primeiro Código mundial antidopaxe (CMA) e os estándares internacionais de procedementos que o complementan, que constitúen un conxunto de regras e directrices de obrigado cumprimento para o movemento deportivo internacional.

No noso país, actualizarase a Lei 10/1990, do deporte, a través da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co propósito de dar resposta aos novos retos da dopaxe no deporte de acordo cos estándares internacionais máis exixentes establecidos polo COI e a AMA, ademais de modificar o funcionamento da Comisión Nacional Antidopaxe para os efectos de axilizar a súa eficacia e capacidade de resposta na loita contra a dopaxe no deporte. Así mesmo, a aprobación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, permitiu o establecemento de controis na venda de medicamentos sen a correspondente autorización.

Porén, tales actualizacións pronto se revelaron insuficientes para compasar a nosa regulación á cada vez máis puxante e exixente lexislación internacional. Esta situación

provocará a aprobación da Lei orgánica 7/2006, do 21 de novembro, de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte, cuxa promulgación supuxo un fito fundamental na historia da loita contra a dopaxe no noso ordenamento xurídico. Aquela primeira lei contiña un completo sistema de disposicións que conceptuaban a dopaxe como unha lacra que afectaba diversos bens xurídicos dignos de protección como eran a saúde dos deportistas, o xogo limpo no deporte e a súa dimensión ética.

As sucesivas modificacións que tiveron lugar no plano internacional encontrarán un fito na ratificación, poucos meses despois da promulgación da lei, da Convención internacional contra a dopaxe no deporte da Unesco, que incorporou os principios do código mundial, facendo así posible a harmonización da normativa internacional sobre esta materia. Este texto impuxo aos Estados signatarios unha serie de obrigas en materia de loita contra a dopaxe, entre elas, obrigar os Estados membros a garantiren a eficacia do Código mundial antidopaxe.

A modificación do Código mundial antidopaxe en xaneiro de 2009 determinou que, dadas as incongruencias normativas que desde aquela afloraron entre o texto español e as novas disposicións do código, se considerase necesario ditar unha nova lei que substituíse a anterior de 2006 e dese resposta ás novas demandas e regras dos textos internacionais. A obrigada adaptación da normativa española ao Código mundial antidopaxe derivou na adopción de novas medidas de carácter lexislativo que paliasen esta situación, e desta maneira aprobarase a Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva.

Porén, en 2015 entrou en vigor unha nova redacción do Código mundial antidopaxe que, de novo, volve desvincular a regulación española do sistema harmónico que propugna a Convención internacional contra a dopaxe no deporte da Unesco. Isto malia que a redacción da Lei de 2013 xa se fixo tomando en consideración os distintos borradores con que daquela se contaba do Código mundial antidopaxe que se estaba xestando.

As modificacións habidas no texto final do CMA respecto dos últimos borradores considerados polo lexislador español de 2013 determinaron que a nosa normativa apenas mantivese a desexada harmonización e concerto durante un ano e medio.

Aínda que durante o prolongado período de Goberno en funcións, durante o ano 2016, a reforma legal necesaria non se puido remitir ás Cortes Xerais, con obxecto de dar publicidade ás novidades do código mundial publicouse no «Boletín Oficial del Estado» do 11 de marzo de 2016 a última versión actualizada e en vigor, desde o 1 de xaneiro de 2015, do Código mundial antidopaxe, en canto que apéndice 1 da Convención internacional contra a dopaxe no deporte, feito en París o 18 de novembro de 2005.

Nesta ocasión, e precisamente en aplicación das novas regras contidas na redacción do CMA de 2015, esta discrepancia tivo ademais como consecuencia a declaración formal por parte da AMA de «incumprimento do código», de acordo co previsto no seu artigo 23. Isto fai necesaria novamente unha modificación legal que permita dar cabida no texto de 2013 a aqueles aspectos, poucos, que non se puideron prever na redacción orixinal e cuxa estampa final no código mundial determinou unha situación de discordancia entre ambas as lexislacións.

Así as cousas, a intervención normativa urxente e extraordinaria do Goberno está absolutamente xustificada pola transcendencia dos impactos derivados da falta de incorporación da nova versión do Código mundial antidopaxe á normativa interna e que afectaría directamente todos os niveis da organización, planificación e desenvolvemento das políticas públicas deportivas pero tamén a práctica profesional e afeccionada do deporte e o dereito á saúde dos que o practican. Así, esta intervención normativa evita os prexuízos inmediatos que a falta de incorporación do código produciría no interese xeral vinculado co fomento do deporte e a saúde dos deportistas, valores que a sociedade potenciou intensamente nos últimos anos e aos cales dedica medios cada vez maiores pola súa transcendencia individual e social.

Por outra banda, e dado que con data do 31 de decembro de 2016 finalizou o programa correspondente aos Xogos de Río de Janeiro 2016, resulta necesario e urxente aprobar os incentivos fiscais que se aplicarán ao Programa de preparación dos deportistas españois

dos Xogos de Tokio 2020, dando continuidade á regulación que se aplicou nos anteriores ciclos olímpicos. Neste sentido, a declaración do Programa de preparación dos Xogos Olímpicos de Tokio 2020 débese realizar con carácter inmediato para obter os recursos dos patrocinadores do programa con que se financian as bolsas e os gastos necesarios para que os deportistas, equipos e técnicos con opcións a obter medallas olímpicas poidan iniciar a preparación dos próximos Xogos Olímpicos de Tokio 2020.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de febreiro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva.*

A Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 17, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 17. *Autorizacións de uso terapéutico.*

1. Os deportistas de nivel nacional poden solicitar unha autorización de uso terapéutico ao Comité de Autorizacións de Uso Terapéutico, adscrito á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, que aplicará os criterios de avaliación contidos no anexo II da Convención internacional contra a dopaxe no deporte e nas normas para a concesión de autorizacións de uso terapéutico adoptadas pola Axencia Mundial Antidopaxe.

No suposto de deportistas de nivel internacional corresponderalle á federación internacional a concesión da autorización de uso terapéutico, que terá pleno valor nas competicións e actividades deportivas estatais.

2. As autorizacións de uso terapéutico que se expidan conforme esta lei e as disposicións que a desenvolvan, así como as documentacións complementarias correspondentes, deberán quedar baixo custodia da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

3. En caso de que se expidise unha autorización de uso terapéutico, por parte dun organismo internacional, a un deportista de nivel nacional, o deportista ou a persoa que regulamentariamente se designe para isto está obrigado a remitir unha copia á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, para o seu rexistro, desde o inicio da validez desta. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte coordinará a información coa Axencia Mundial Antidopaxe no que se refire ás autorizacións de uso terapéutico.

Se un deportista de nivel nacional que desfrutase dunha autorización de uso terapéutico adquire a condición de deportista de nivel internacional, deberá comunicalo inmediatamente á federación internacional correspondente. Se a federación internacional considera que a súa autorización de uso terapéutico non é válida, o deportista ou a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte dispoñerán de 21 días para expoñerlle a cuestión á Axencia Mundial Antidopaxe. Durante ese período a autorización de uso terapéutico conservará a súa validez. A decisión da Axencia Mundial Antidopaxe deberá ser acatada pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, sen prexuízo do dereito do deportista de interpoñer os correspondentes recursos.

4. Os órganos disciplinarios deportivos non poderán considerar válidas as autorizacións de uso terapéutico que non se encontren debidamente rexistradas na Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte ou das que esta non obteña a constancia suficiente a través da Axencia Mundial Antidopaxe.»

Dous. Engádesse un novo artigo 17 bis co seguinte contido:

«Artigo 17 bis. *Conservación das mostras e análise destas.*

As mostras obtidas nos controis de dopaxe poderán ser obxecto de análise inmediatamente despois da súa recollida, ben co fin de detectar a substancia e os métodos prohibidos ben para elaborar un perfil dos parámetros biolóxicos do deportista. Tamén poderán ser almacenadas coas debidas garantías de conservación co fin de ser analizadas en calquera momento posterior, pero sempre dentro do prazo de 10 anos contado desde a recollida.»

Tres. Modifícase o artigo 20, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 20. *Da competencia para a realización dos controis.*

1. A programación e realización dos controis en competición e fóra dela corresponde á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

2. Nos controis de dopaxe realizados en competición ou fóra de competición aos deportistas, as análises destinadas á detección de substancias e métodos prohibidos no deporte deberán ser realizados en laboratorios con acreditación internacional ou ser aprobados pola Axencia Mundial Antidopaxe ou homologados polo Estado.

3. Así mesmo, producirán efecto nos procedementos administrativos que se tramiten en España as análises realizadas polos laboratorios acreditados ou aprobados pola Axencia Mundial Antidopaxe.

4. As comunidades autónomas poderán subscribir coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte convenios de colaboración co fin de que esta asuma o exercicio das competencias en materia de control de dopaxe que a aquelas lles corresponden respecto dos deportistas con licenza expedida polas súas respectivas federacións deportivas de ámbito autonómico e en probas de ámbito autonómico.»

Catro. Modifícase o artigo 21, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 21. *Responsabilidade do deportista e do seu ámbito.*

1. Os deportistas incluídos no ámbito de aplicación do capítulo I do título II deberán manter unha conduta activa de loita contra a dopaxe e a utilización de métodos prohibidos no deporte e deben asegurarse de que ningunha substancia prohibida se introduza no seu organismo e de que non utilizan ningún método prohibido, e serán responsables cando se produza a detección da presenza da substancia prohibida ou dos seus metabolitos ou marcadores ou do uso dun método prohibido nos termos establecidos nesta lei.

2. Os deportistas, os seus adestradores federativos ou persoais, directivos, así como os clubs e equipos deportivos a que estea adscrito o deportista, responderán do incumprimento das obrigas impostas en materia de localización habitual dos deportistas.

3. Os deportistas, os seus adestradores, médicos e demais persoal sanitario, así como os directivos de clubs e organizacións deportivas, responderán da infracción das normas que regulan a obriga de facilitar aos órganos competentes información sobre as enfermidades do deportista, tratamentos médicos a que estea sometido, alcance e responsable do tratamento, cando aquel autorízase a utilización de tales datos.

De igual forma, responderán polo incumprimento das obrigas impostas polas autorizacións de uso terapéutico ou do incumprimento da obriga de solicitala.

4. O disposto neste precepto enténdese sen prexuízo das demais obrigas e do réxime sancionador establecido na presente lei.

5. As persoas suxeitas ao ámbito de aplicación do título II non poderán recibir voluntariamente a prestación de servizos profesionais relacionados co deporte de calquera outra persoa que estea cumprindo un período de suspensión por algunha infracción en materia de loita contra a dopaxe, imposta por autoridades españolas ou estranxeiras, que fose condenada por un delito de dopaxe en España ou fóra de España, ou que fose sancionada profesional ou disciplinariamente por feitos que constituísen dopaxe conforme a presente lei.

Esta prohibición manterase durante todo o tempo de duración da sanción de inhabilitación, da condena ou da sanción disciplinaria. A prohibición terá unha duración de seis anos se o período imposto for menor.

Para que esta prohibición sexa aplicable, será necesario que o receptor dos servizos fose notificado fidedignamente da sanción imposta e das potenciais consecuencias da infracción desta norma.»

Cinco. Modifícase o artigo 22, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 22. *Tipificación de infraccións en materia de dopaxe.*

1. Para os efectos da presente lei, considéranse como infraccións moi graves:

a) O incumprimento das obrigas a que fai referencia o artigo anterior, que dea lugar á detección da presenza de calquera cantidade dunha substancia prohibida, ou dos seus metabolitos ou marcadores, nas mostras físicas dun deportista.

Sen prexuízo do anterior, a Lista de substancias e métodos prohibidos prevista no artigo 4 da presente lei poderá prever un límite de cuantificación para determinadas substancias ou criterios especiais de valoración para avaliar a detección de substancias prohibidas.

b) A utilización, uso ou consumo de substancias ou métodos prohibidos no deporte.

c) A evitación, rexeitamento ou incumprimento, sen xustificación válida, da obriga de someterse aos controis de dopaxe tras unha notificación validamente efectuada.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, ademais de pola realización de calquera das condutas indicadas nel, considerarase de modo particular que se produciu a infracción sempre que calquera deportista evite voluntariamente, por acción ou omisión, a recollida de mostras a que estivese obrigado a someterse.

d) A axuda, incitación, contribución, instigación, conspiración, encubrimiento ou calquera outro tipo de colaboración na comisión de calquera infracción das normas antidopaxe mencionadas no presente artigo.

e) A obstaculización, falsificación, interferencia ou manipulación fraudulenta de calquera parte dos procedementos de control de dopaxe. En todo caso, e sen prexuízo doutros posibles supostos, considerarase que existe unha infracción conforme o disposto nesta letra cando o responsable incorra nas seguintes condutas:

- Obstaculizar ou intentar obstaculizar o labor dun oficial de control de dopaxe.
- Proporcionar información fraudulenta á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.
- Intimidar ou tratar de intimidar unha testemuña.

f) A posesión por parte dos deportistas ou por parte das persoas do seu ámbito, xa sexa en competición ou fóra de competición, de substancias prohibidas nos ditos ámbitos ou dos elementos necesarios para a utilización ou uso de métodos prohibidos, cando se careza dunha autorización de uso terapéutico para a súa administración ou dispensación, ou doutra xustificación legal ou regulamentariamente cualificada como suficiente.

A tenza dunha autorización de uso terapéutico non excluírá a comisión da infracción se as persoas responsables dispoñen dunha cantidade de substancias ou métodos prohibidos tan superior á que correspondería ao simple uso que ampara a autorización indicada, que puidera razoablemente supoñerse que están dirixidas ao tráfico previsto na alínea h) do punto primeiro deste precepto.

g) A administración, ofrecemento, facilitación ou a subministración aos deportistas de substancias prohibidas ou da utilización de métodos prohibidos na práctica deportiva, xa se produzan en competición ou fóra de competición.

h) O tráfico de substancias e métodos prohibidos.

i) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 19 da presente lei en relación coa confidencialidade da planificación.

j) O quebrantamento das sancións ou medidas cautelares impostas conforme esta lei.

k) O intento de comisión das condutas descritas nas alíneas b), e), g) e h), sempre que no caso do tráfico a conduta non constituía delito.

l) O depósito, comercialización ou distribución, baixo calquera modalidade, en establecementos dedicados a actividades deportivas, de produtos que conteñan substancias prohibidas por seren susceptibles de producir dopaxe.

2. Considéranse infraccións graves:

a) O incumprimento das obrigas relativas á presentación de información sobre localización ou relativas á dispoñibilidade do deportista para realizar os controis na dita localización, nos termos previstos na súa normativa reguladora.

Considerarase que existe infracción cando o deportista falte ás obrigas en materia de localización en tres ocasións durante un prazo de doce meses. O prazo empezará a computarse desde o día do primeiro incumprimento que se teña que ter en conta.

b) As condutas descritas no número 1, a), b) e f), cando afecten, versen ou teñan por obxecto substancias identificadas no artigo 4.2.2 do Código mundial antidopaxe e na lista prevista no artigo 4 da presente lei como «substancias específicas».

Para que se poida considerar que estas condutas son infraccións graves será necesario que o infractor xustifique como entrou no seu organismo a substancia ou a causa que xustifica a súa posesión e que proporcione probas suficientes de que a dita substancia non ten como fin mellorar o rendemento deportivo ou enmascarar o uso doutra substancia dirixida a mellorar o dito rendemento. O grao de culpa do posible infractor será o criterio que se teña en conta para estudar calquera redución do período de suspensión.

Para que se poida considerar que as probas son suficientes, será necesario que o infractor presente probas que apoién a súa declaración e que xeren a convicción ao órgano competente sobre a ausencia de intención de mellorar o rendemento deportivo ou de enmascarar o uso dunha substancia que o mellore.

c) O incumprimento das obrigas relativas á información sobre tratamentos médicos e á comunicación que o deportista está obrigado a proporcionar á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte en caso de obtención de autorizacións para o uso terapéutico a que fai referencia o artigo 17.2 da presente lei, así como a vulneración do disposto no seu artigo 55.

d) A recepción voluntaria, por parte dunha persoa suxeita ao ámbito de aplicación do título II, de servizos profesionais, relacionados co deporte, prestados por calquera outra persoa que estea cumprindo un período de suspensión por algunha infracción en materia de loita contra a dopaxe, imposta por autoridades españolas ou estranxeiras, que fose condenada por un delito de dopaxe en España ou fóra de España, ou que fose sancionada profesional ou disciplinariamente por feitos que constituísen dopaxe conforme a presente lei. Nestes casos, na instrución do procedemento sancionador deberán ser oídos o deportista e o prestador dos servizos.»

Seis. Modifícase o artigo 23, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 23. Sancións.

1. A comisión das infraccións moi graves previstas no artigo 22.1.a), b) e f) sancionárase coa imposición da suspensión de licenza federativa por un período de dous anos e multa de 3.001 a 12.000 euros.

Non obstante, impoñeráse unha suspensión da licenza por un período de catro anos cando a infracción non se cometese cunha substancia específica ou cando, mesmo sendo así, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte demostre que a infracción foi intencionada.

Se a infracción non se comete cunha substancia específica, o deportista poderá demostrar que a infracción non foi intencionada; neste caso, a suspensión terá unha duración de dous anos.

A apreciación da intencionalidade corresponderá ao órgano competente para impoñer a sanción. En todo caso, considerarase que non existe intención cando o deportista non coñeza que existía un risco significativo da existencia dunha infracción das normas antidopaxe derivada da súa conduta.

Presumirase non intencionada a infracción por un resultado analítico adverso que afecte unha substancia específica prohibida só en competición se o deportista pode acreditar que a substancia só foi empregada fóra de competición.

Non se considerará intencionada a infracción por un resultado analítico adverso que afecte unha substancia non específica prohibida só en competición se o deportista pode acreditar que a substancia só foi empregada fóra de competición nun contexto sen relación coa actividade deportiva.

2. A comisión das infraccións moi graves previstas no artigo 22.1.c) e e) sancionárase coa imposición da suspensión de licenza federativa por un período de catro anos e multa de 12.001 a 40.000 euros.

Non obstante, no suposto de incumprimento da obriga de someterse a controis antidopaxe, o deportista poderá demostrar que a infracción non foi intencionada; neste caso, a suspensión terá unha duración de dous anos.

Nestes casos, se o presunto responsable da infracción admite voluntariamente a existencia da infracción unha vez que recibise a notificación do inicio do procedemento sancionador, a sanción poderá tamén reducirse ata dous anos de suspensión da licenza, atendendo ás circunstancias do caso, logo do informe favorable da Axencia Mundial Antidopaxe.

3. A comisión das infraccións moi graves previstas no artigo 22.1.g) e h) sancionárase coa imposición da suspensión de licenza federativa por un período de entre catro anos e inhabilitación definitiva e multa de 40.001 a 100.000 euros. Se a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte tiver coñecemento de que os feitos sancionados poden constituír unha infracción de normas non deportivas ou antidopaxe, porao en coñecemento das autoridades xudiciais conforme o disposto no artigo 33 e, se é o caso, dos colexios profesionais ou entidades correspondentes.

4. A comisión das infraccións moi graves prevista no artigo 22.1. d) sancionárase coa imposición da suspensión de licenza federativa por un período de entre dous e catro anos e multa de 12.001 a 40.000 euros.

5. A comisión das infraccións moi graves previstas no artigo 22.1.i) e l) sancionárase coa imposición da suspensión de licenza federativa por un período de dous anos e multa de 3.001 a 12.000 euros.

6. A comisión da infracción moi grave prevista no artigo 22.1.j) sancionárase coa imposición da suspensión de licenza federativa por un período de tempo igual ao período de sanción imposto na sanción quebrantada e multa de 12.001 a 40.000 euros. Este período de suspensión sumarase ao imposto inicialmente.

7. A comisión da infracción moi grave prevista no artigo 22.1.k) sancionárase coa imposición da suspensión de licenza federativa por un período de tempo igual

ao que correspondería á conduta intentada e multa de igual contía que a que lle correspondería a aquela.

8. A comisión das infraccións graves previstas no artigo 22.2.a) e c) sancionárase coa imposición da suspensión de licenza federativa por un período de dous anos e multa de 12.001 a 40.000 euros.

Non obstante, a suspensión poderá reducirse a un ano sempre que a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, atendendo ás circunstancias do caso, considere que a infracción non se cometeu co fin de evitar someterse aos controis de dopaxe.

9. A comisión da infracción grave prevista no artigo 22.2.b) sancionárase, sempre que o deportista acredite a ausencia de culpa ou negligencia significativa, cun apercibimento ou coa imposición da suspensión de licenza federativa por un período de ata dous anos e multa de 3.001 a 12.000 euros. A mesma regra aplicarase aos casos en que se demostre que a substancia prohibida procede dun produto contaminado.

10. A comisión da infracción grave prevista no artigo 22.2.d) sancionárase coa imposición da suspensión de licenza federativa por un período dun a dous anos e multa de 3.001 a 12.000 euros

11. Cando calquera infracción que comporte a suspensión da licenza federativa ou a privación de por vida desta a cometa unha persoa que non teña licenza previamente, a sanción que se impoñerá será a privación do dereito a obter a licenza polo mesmo período establecido para os que si a teñan.»

Sete. Modifícase o artigo 24, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 24. *Sancións aos clubs, equipos deportivos, ligas profesionais, entidades organizadoras públicas ou privadas de competicións deportivas, entidades responsables de instalacións deportivas e federacións deportivas.*

1. Cando as infraccións moi graves previstas no artigo 22.1 sexan cometidas polos clubs, equipos deportivos, ligas profesionais, entidades organizadoras públicas ou privadas de competicións deportivas, entidades responsables de instalacións deportivas ou federacións deportivas impoñeráselles aos seus responsables, en atención á gravidade dos feitos, unha ou varias das seguintes sancións:

a) Multa de 30.001 a 300.000 euros.

Cando nas referidas condutas estea involucrado un menor de idade, ou en caso de reincidencia, a sanción será de 40.000 a 400.000 euros.

b) Perda de puntos, eliminatoria ou postos na clasificación da competición.

c) Descenso de categoría ou división.

2. Pola comisión das infraccións graves recollidas no artigo 22.2 desta lei impoñerase a sanción de multa de 10.000 a 30.000 euros. Cando se incorra por segunda vez nalgún dos ilícitos antes referidos, a conduta será cualificada como infracción moi grave e dará lugar á aplicación das sancións de multa de 24.000 a 80.000 euros e, se é o caso, perda de puntos, eliminatoria ou postos na clasificación ou descenso de categoría ou división. Se se comete unha terceira infracción, a sanción pecuniaria unicamente poderá ter carácter accesorio e sancionárase con multa de 40.000 a 400.000 euros.

3. As sancións previstas nos dous puntos anteriores non impedirán a aplicación do resto de medidas e consecuencias previstas neste título.»

Oito. Modifícase o artigo 25, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 25. *Sancións accesorias pola comisión das infraccións previstas no artigo 22 desta lei.*

1. As infraccións tipificadas como moi graves no artigo 22.1, ademais da sanción que corresponda por aplicación do artigo 23 implicará a inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos por un período de catro anos.

2. As infraccións tipificadas como graves no artigo 22.2, ademais da sanción que corresponda por aplicación do artigo 23 implicará a inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos por un período dun a dous anos.

3. As persoas físicas ou xurídicas que realicen as condutas tipificadas como infraccións na presente sección, sen dispoñer de licenza federativa ou de habilitación equivalente pero prestando servizos ou actuando por conta de federacións deportivas españolas, ligas profesionais ou entidades organizadoras de competicións deportivas de carácter oficial por delegación das anteriores, ou as persoas ou entidades integradas dentro das ditas organizacións, non poderán exercer cargos deportivos en calquera entidade relacionada co deporte, obter licenza deportiva ou habilitación equivalente, nin exercer os dereitos derivados da licenza deportiva por un período equivalente á duración das sancións de inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos, privación ou suspensión de licenza deportiva ou habilitación equivalente.

As infraccións tipificadas como moi graves no artigo 22.1 serán consideradas como transgresión da boa fe contractual para os efectos do artigo 54.2.d) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.»

Nove. Modifícase o artigo 26, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 26. *Sancións aos médicos e persoal sanitario, así como ao persoal de clubs, equipos, federacións e calquera outra entidade deportiva e aos responsables de establecementos deportivos.*

1. As infraccións tipificadas como moi graves no artigo 22.1, ademais da sanción que corresponda por aplicación do artigo 23 desta lei implicará a inhabilitación para o exercicio de funcións sanitarias ou profesionais vinculadas a deportistas, entidades, clubs, equipos, federacións ou establecementos deportivos por un período de catro anos.

2. As infraccións tipificadas como graves no artigo 22.2, ademais da sanción que corresponda por aplicación do artigo 23 implicará a inhabilitación para o exercicio de funcións sanitarias ou profesionais vinculadas a deportistas, entidades, clubs, equipos, federacións ou establecementos deportivos por un período dun a dous anos.

3. As infraccións serán consideradas como transgresión da boa fe contractual para os efectos do artigo 54.2.d) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

4. As federacións deportivas españolas, ligas profesionais e entidades organizadoras de competicións deportivas de carácter oficial adaptarán a súa normativa para incluír estas previsións, que serán compatibles coa responsabilidade civil que en cada caso proceda e coa depuración das responsabilidades que resulten exixibles en virtude do disposto no presente título.

5. Sen prexuízo do disposto no punto anterior e das responsabilidades que proceda exixir polas condutas tipificadas na presente sección, os órganos disciplinarios comunicarán aos correspondentes colexios profesionais os actos realizados polo persoal que realice funcións sanitarias para os efectos disciplinarios oportunos. A cesión farase coa debida reserva dos datos relativos aos deportistas implicados.»

Dez. Modifícase o artigo 27, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 27. *Criterios para a imposición de sancións en materia de dopaxe.*

1. A imposición das sancións previstas nos artigos precedentes realizarase aplicando o principio de proporcionalidade e atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, especialmente as que se refiren ao coñecemento, ao

grao de culpabilidade, ao grao de responsabilidade das funcións desempeñadas polo infractor e á natureza dos prexuízos ocasionados.

2. Considerarase circunstancia eximente da responsabilidade disciplinaria o feito de que o deportista ou a persoa afectada polo procedemento sancionador acredite que, para ese caso concreto, non existiu ningunha culpa ou negligencia pola súa parte.

Se se dá esta circunstancia, o deportista, para exonerarse de responsabilidade e evitar a sanción, deberá xustificar a forma en que se introduciu a substancia prohibida no seu organismo.

Neste caso, os órganos disciplinarios determinarán que o deportista non cometeu ningunha infracción para os efectos da existencia de infraccións múltiples en materia de dopaxe.

Tamén se considerará circunstancia eximente a obtención dunha autorización de uso terapéutico, que producirá unha exención da responsabilidade disciplinaria relativa á utilización de produtos dopantes, a posesión de substancias ou métodos prohibidos ou a administración ou intento de administración destas. A citada exención alcanzará unicamente as substancias ou os métodos prohibidos que se conteñan na autorización.

3. Consideraranse circunstancias atenuantes:

a) A ausencia de culpa ou negligencia grave na actuación do deportista ou da persoa responsable da infracción debidamente acreditada. Nestes casos, o órgano disciplinario poderá reducir o período de suspensión ata a metade do período de suspensión que sería aplicable se non concorre tal circunstancia.

No suposto de que a sanción prevista para a infracción cometida sexa a inhabilitación de por vida da licenza federativa, o período de suspensión reducido en aplicación deste precepto non poderá ser inferior a oito anos.

b) A admisión voluntaria da comisión de condutas constitutivas de infracción das normas antidopaxe por parte dun deportista ou da persoa responsable da infracción, feita ante o órgano competente antes de ter recibido calquera intento de notificación que poida manifestar a posible existencia de responsabilidade por tales feitos, sempre que a confesión sexa a única proba da infracción nese momento.

Nestes casos, o órgano competente poderá reducir o período de suspensión que correspondería pola comisión da infracción ata a metade do que sería aplicable en caso de non concorrer tal circunstancia.

c) A confesión inmediata da existencia da infracción das normas antidopaxe despois de ter sido iniciado o procedemento sancionador nos casos previstos no artigo 22.1.c) e e) da presente lei; neste caso, poderá reducirse o período de suspensión ata un mínimo de dous anos dependendo da gravidade da infracción e do grao de culpabilidade do responsable.

d) A colaboración do deportista ou outra persoa ao proporcionar unha axuda substancial, que permita descubrir ou demostrar unha infracción das normas antidopaxe, un delito de dopaxe tipificado no artigo 362 quinquies do Código penal ou a infracción das normas profesionais por outra persoa. A aplicación desta atenuante axustarase ao disposto no artigo 36 da presente lei.

4. Antes de aplicar calquera redución en virtude desta norma, o período de suspensión aplicable determinarase de acordo coas regras establecidas nos artigos 23 a 26 da presente lei. En caso de que concorran dúas ou máis circunstancias atenuantes das previstas no presente artigo e o deportista acredite o seu dereito a unha redución do período de suspensión, a sanción que correspondería á infracción cometida poderá reducirse ata a cuarta parte do período de suspensión que se debería aplicar en caso de non concorrer ningunha atenuante.

En caso de que a infracción en que concorran as circunstancias atenuantes sexa a segunda cometida polo infractor, o período de suspensión aplicable fixarase en primeiro lugar de acordo co artigo 28 da presente lei e sobre o período que

corresponda aplicárase a correspondente redución. Tras a aplicación das circunstancias atenuantes, o período de suspensión será, polo menos, da cuarta parte do período de suspensión que se debería aplicar en caso de non concorrer ningunha atenuante.»

Once. Modifícase o artigo 28, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 28. *Infraccións múltiples.*

1. A comisión dunha segunda infracción das normas antidopaxe dentro do prazo de 10 anos contados desde a comisión da primeira dará lugar á imposición dunha sanción que consistirá na suspensión da licenza federativa polo maior dos seguintes períodos:

- a) Seis meses.
- b) A metade do período de suspensión imposto na primeira infracción das normas antidopaxe sen ter en conta as atenuantes que se puideron aplicar.
- c) O dobre do período de suspensión que se debería aplicar á segunda infracción considerada como se fose unha primeira infracción sen ter en conta as atenuantes que se puideron aplicar.

2. A comisión dunha terceira infracción das normas antidopaxe dentro do prazo de 10 anos contado desde a comisión da primeira dará lugar á inhabilitación a perpetuidade da licenza deportiva, salvo que concorra unha ou varias atenuantes ou implique unha infracción do artigo 22.2.a) da presente lei, caso en que a duración da suspensión imposta non poderá ser inferior a oito anos.

En todos os supostos de infraccións múltiples impoñeráse, ademais, a sanción pecuniaria que corresponda conforme o artigo 23 desta lei.

Para os efectos do disposto nos dous puntos anteriores terase en conta a existencia de sancións impostas por autoridades antidopaxe estranxeiras que cumpran os requisitos necesarios para o seu recoñecemento conforme o artigo 31.2 da presente lei.

3. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte contrastará coa Axencia Mundial Antidopaxe e coa federación internacional correspondente a existencia de infraccións anteriores nos casos en que o afectado puido ter sido obxecto doutros procedementos sancionadores alleos á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

4. Non será posible impoñer as sancións previstas para as infraccións múltiples se a primeira sanción non se notificase en forma legal ao sancionado. Neste caso, tramitarase un novo procedemento sancionador pola comisión das dúas infraccións, que se considerarán como unha soa infracción e que se castigarán impoñendo a sanción máis severa.

5. A mesma regra prevista no punto anterior aplicárase ao caso en que se coñeza a existencia dunha infracción anterior. Se xa se ditou a resolución sancionadora ao coñecer esa primeira infracción, ditarase unha resolución complementaria para castigar a segunda infracción mediante a cal se impoñerá unha suspensión adicional ata alcanzar a duración da sanción máis severa e unha multa equivalente á que se impuxese por ela. Os resultados obtidos en todas as competicións que se remonten á primeira infracción serán anulados. Igualmente terá lugar a perda de todas as medallas, puntos, premios e todas aquelas consecuencias necesarias para eliminar calquera resultado obtido na dita competición.»

Doce. Modifícase o artigo 30, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 30. *Anulación de resultados.*

1. A comisión dunha conduta das previstas na presente lei como infraccións, por parte dun deportista no marco dunha competición individual e como consecuencia da realización dun control en competición, será causa de nulidade

automática dos resultados obtidos nesa competición, coa perda de todas as medallas, puntos, premios e todas aquelas consecuencias necesarias para eliminar calquera resultado obtido na dita competición, con independencia de que concorra unha causa de exención ou de atenuación de responsabilidade.

2. Fóra do caso mencionado no parágrafo anterior, en caso de que un deportista cometese unha infracción das previstas na presente lei, durante un evento deportivo, ou en relación con el, o órgano competente poderá anular todos os resultados obtidos polo dito deportista nese evento deportivo. Esta anulación suporá a perda de todas as medallas, puntos, premios e todas aquelas consecuencias necesarias para eliminar calquera resultado obtido no dito evento deportivo. Sen prexuízo do anterior, en caso de que o deportista demostre que non concorreu pola súa parte ningunha culpa ou negligencia na conduta infractora, os seus resultados individuais no resto de competicións distintas a aquela en que se produciu a infracción non serán anulados, salvo que os resultados obtidos nesas competicións poidan estar influídos pola infracción cometida.

3. Ademais do previsto nos dous puntos anteriores, serán anulados todos os demais resultados obtidos nas competicións celebradas desde a data en que se produciu o control de dopaxe do que derive a sanción ou desde a data en que se produciron os feitos constitutivos de infracción ata que se dite a sanción ou a suspensión provisional, aplicando todas as consecuencias que deriven de tal anulación, salvo que a decisión sobre a suspensión provisional ou a sanción se demorase por causas non imputables ao deportista e os resultados obtidos nesas competicións non estean influídos pola infracción cometida. Esta anulación supoñerá a perda de todas as medallas, puntos, premios e todas aquelas consecuencias necesarias para eliminar calquera resultado obtido no dito evento deportivo.

4. Nos deportes de equipo, sempre e cando máis de dous dos seus membros cometesen unha infracción en materia de dopaxe durante o período de celebración dun evento deportivo, e con independencia das sancións que poidan corresponder en virtude das disposicións previstas nesta lei, os órganos disciplinarios deberán pronunciarse sobre a procedencia de alterar, se é o caso, o resultado dos encontros, probas, competicións ou campionatos. Para isto ponderarán as circunstancias concurrentes e, en todo caso, a participación decisiva no resultado do encontro, proba ou competición dos que cometesen infraccións en materia de dopaxe e a implicación de menores de idade nas referidas condutas.»

Trece. Modifícase o artigo 31, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 31. *Efectos das sancións.*

1. A imposición de sancións relacionadas coa dopaxe no deporte constitúe, cando así o exixa a natureza da sanción imposta, un suposto de imposibilidade para obter ou exercer os dereitos derivados da licenza deportiva en calquera ámbito territorial, nos termos previstos no artigo 32.4 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

2. Calquera resolución ditada polas autoridades antidopaxe doutros Estados ou polas federacións ou entidades internacionais competentes será recoñecida de maneira inmediata en España sempre que sexan conformes co disposto no Código mundial antidopaxe e correspondan ao ámbito de competencias desa entidade. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte será a encargada de facer o recoñecemento de oficio ou por instancia dos deportistas, nos casos en que se poidan suscitar dúbidas acerca da súa procedencia.

O recoñecemento e a execución dos laudos arbitrais e das sentenzas firmes ditadas polos tribunais estranxeiros en materia de dopaxe axustaranse ao establecido no título V da Lei 29/2015, do 30 de xullo, de cooperación xurídica internacional en materia civil, sobre o recoñecemento e execución de resolucións xudiciais e documentos públicos estranxeiros, do procedemento de exequátur e da inscrición en rexistros públicos, e ás normas internacionais aplicables en España.

En ambos os dous casos, durante a tramitación do correspondente procedemento suspenderanse provisionalmente os efectos da licenza do deportista en España. O límite máximo de duración da suspensión provisional será equivalente á duración da sanción de inhabilitación imposta na resolución de orixe.

3. Durante o período de suspensión, a persoa sancionada non poderá participar, en ningunha calidade, en ningunha competición ou actividade autorizada ou organizada por algún dos signatarios da Convención da Unesco, os seus membros, federacións deportivas, clubs ou outra organización pertencente a unha organización dun membro signatario, ou en competicións autorizadas ou organizadas por calquera liga profesional ou calquera organizador de eventos deportivos nacionais ou internacionais, sexa cal for a modalidade ou especialidade deportiva en que queira participar. Non obstante o anterior, poderá participar en programas educativos ou de rehabilitación con autorización previa da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

Igualmente, durante este período non poderá obter licenza federativa en ningunha federación distinta daquela baixo cuxa licenza foi sancionada.

A persoa sancionada poderá solicitar da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte a autorización para participar en programas educativos ou de rehabilitación.

Calquera deportista ou persoa suxeita a un período de suspensión permanecerá suxeito a controis nos termos que se indican no artigo 11.2 da presente lei.

4. As persoas que sexan sancionadas pola comisión de calquera infracción das normas antidopaxe, salvo as establecidas no artigo 22.2.b) da presente lei, veranse privadas da totalidade do apoio financeiro outorgado directamente polas administracións públicas ou por calquera entidade en que participe unha Administración pública ou de calquera outra vantaxe económica ou beneficio fiscal relacionados coa súa práctica deportiva que poida obter daquelas. A recuperación das cantidades obtidas realizarase de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as súas disposicións de desenvolvemento, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou en calquera outra forma permitida polo ordenamento xurídico.

5. O deportista que fose sancionado cunha privación de licenza de máis de catro anos poderá, pasados estes catro anos, participar en actividades deportivas de ámbito diferente e inferior ao estatal, sempre que esa participación non implique traballar con menores, sen que os resultados que obteña permitan de ningunha forma a participación en competicións nacionais ou internacionais de ningún tipo.

6. O deportista poderá regresar ao adestramento co seu equipo ou ao uso das instalacións dun club ou entidade deportiva durante os dous últimos meses do período de suspensión ou durante o último cuarto do período de suspensión se este tempo for inferior.»

Catorce. Modifícase o artigo 35, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 35. *Prescripción das infraccións e as sancións.*

1. As infraccións establecidas nesta lei prescribirán aos 10 anos.

O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometeu. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador.

2. As sancións de multa impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos e as impostas por infraccións graves aos dous anos.

As sancións de suspensión de licenza, inhabilitación ou privación de dereitos prescribirán aos cinco anos cando sexan impostas por infraccións moi graves e aos tres anos cando o sexan por infraccións graves.

O prazo de prescripción das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción.

Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución.»

Quince. Modifícase o artigo 36, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 36. *Colaboración na detección.*

1. As sancións de suspensión de licenza, inhabilitación ou privación de dereitos que teñan que ser impostas conforme a presente lei poderán ser suspendidas nos termos previstos no presente artigo se o deportista ou outra persoa proporciona unha axuda substancial que permita descubrir ou demostrar unha infracción das normas antidopaxe, un delito dos previstos no artigo 362 quinquies do Código penal ou a infracción das normas profesionais por parte doutra persoa.

2. A suspensión prevista no punto anterior non poderá exceder as tres cuartas partes do período de suspensión que corresponda e, en caso de que a sanción consista en inhabilitación de por vida para obter a licenza federativa, o período de suspensión deberá ser polo menos de oito anos.

3. A suspensión do período de inhabilitación ou privación do dereito a obter a licenza estará baseada na gravidade da infracción contra a dopaxe que se cometese e na importancia da axuda que proporcionase. A decisión de suspensión parcial do período de inhabilitación ou privación do dereito a obter a licenza requirirá un informe preceptivo emitido pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, a menos que sexa o órgano competente, pola Axencia Mundial Antidopaxe e pola correspondente federación internacional, que se lles notificará a todas as persoas e órganos con lexitimación para recorrer contra as resolucións do órgano que a pretende aplicar. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e a Axencia Mundial Antidopaxe poderán acordar que se limite ou se atrase a divulgación da suspensión da sanción como consecuencia da axuda cando isto sexa de interese para a loita contra a dopaxe.

4. Calquera parte do período de suspensión de licenza, inhabilitación ou privación do dereito a obtela que fose suspendido poderá ser revogado total ou parcialmente se o deportista ou outra persoa non proporciona finalmente ou non continúa proporcionando a axuda substancial recollida nos puntos anteriores. A decisión sobre reintegración do período de inhabilitación ou privación do dereito a obter a licenza poderá ser obxecto de recurso conforme o artigo 40.1.h) da presente lei.

Para estes efectos, o prazo de prescrición das sancións entenderase suspendido ata que o órgano competente se pronuncie sobre a existencia dos ilícitos mencionados no punto primeiro deste artigo.

5. As decisións adoptadas no exercicio das súas propias competencias polas autoridades estranxeiras acerca da redución das sancións por dopaxe como consecuencia da axuda mencionada nos puntos anteriores poderán ser recoñecidas en España logo de comunicación á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

6. As disposicións do presente artigo enténdense sen prexuízo das competencias que a Axencia Mundial Antidopaxe ten recoñecidas ao abeiro do disposto no artigo 10.6.1.2 do Código mundial antidopaxe no seu ámbito de competencias.»

Dezaseis. Modifícase a sección 2.^a do capítulo II do título II, que queda redactada da seguinte forma:

«Sección 2.^a *Do procedemento para a imposición de sancións en materia de dopaxe*

Artigo 37. *Competencia en materia de procedementos sancionadores para a represión da dopaxe no deporte.*

1. A potestade disciplinaria en materia de dopaxe respecto de deportistas de nivel nacional corresponde á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

As comunidades autónomas poderán subscribir convenios para atribuír á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte o exercicio da competencia

sancionadora en materia de dopaxe respecto dos suxeitos infractores ou competicións de ámbito autonómico.

Excepcionalmente, nos casos en que conforme as regras de determinación da competencia aplicables ás competicións de ámbito autonómico ningunha comunidade autónoma teña competencias sancionadoras, por se ter celebrado a proba fóra do territorio da súa comunidade respecto dun deportista con licenza autonómica expedida por unha federación do seu ámbito autonómico, que estea integrada na correspondente federación estatal, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte asumirá a competencia sancionadora e incoará o correspondente procedemento sancionador.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte non terá competencias sancionadoras respecto dos deportistas cualificados oficialmente pola súa federación internacional como de nivel internacional ou que participen en competicións internacionais. Nestes casos, a competencia corresponderá ás federacións españolas. Os actos que se diten no exercicio desta competencia entenderanse ditados por delegación da federación internacional correspondente e non terán a consideración de actos administrativos.

Por excepción, a dita competencia poderá ser asumida polas federacións internacionais ou entidades que realicen unha función equivalente, logo da sinatura do correspondente convenio coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, en que se establecerán as condicións baixo as cales se asumirá a dita competencia. O convenio poderá establecer que o exercicio da competencia sexa asumido pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte aínda que a titularidade siga correspondendo á federación ou entidade asinante. En todos estes casos, en canto ás normas aplicables e ao procedemento aplicarase o disposto no artigo 1.3 da presente lei.

2. A instrución e resolución dos expedientes sancionadores sobre deportistas de nivel nacional e daqueles en que lles sexa atribuída a competencia por convenio correspóndelle á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte. A fase instrutora e a resolución dos expedientes deberán encomendarse a órganos distintos.

3. A instrución e resolución dos expedientes sancionadores que, por incumprimento das prescricións da presente lei, proceda levar a cabo e que afecten directivos das federacións deportivas españolas, ligas profesionais e, se é o caso, entidades con funcións análogas, corresponderalle en única instancia administrativa ao Tribunal Administrativo do Deporte.

O procedemento substanciarase conforme as normas da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e a súa normativa de desenvolvemento.

4. Se un deportista ou calquera outra persoa suxeita ao ámbito de aplicación da presente lei se retira poñendo fin á súa actividade deportiva no transcurso dun procedemento sancionador en materia de dopaxe, o órgano competente para coñecer deste seguirá mantendo a súa competencia para levalo a termo. Se a retirada se produce antes do inicio dun procedemento sancionador en materia de dopaxe, coñecerá do dito procedemento sancionador o órgano competente no momento de comisión da presunta infracción das normas antidopaxe.

5. Se a retirada ten lugar durante o cumprimento dun período de suspensión, non poderá volver participar en competicións oficiais ata que comunicase por escrito á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte a súa disposición a someterse aos controis cunha antelación de polo menos seis meses ou, se for maior, equivalente ao período de suspensión que lle restaba por cumprir.

Artigo 38. *Perda da efectividade dos dereitos da licenza.*

1. A existencia dun resultado analítico adverso na análise dunha mostra A cando se detecte unha substancia prohibida que non teña a consideración de «substancia específica», de acordo co disposto na Lista de substancias e métodos

prohibidos, producirá de forma inmediata a imposibilidade do exercicio dos dereitos derivados da licenza deportiva.

Este efecto enténdese sen prexuízo do dereito á contraanálise nos termos que se establezan regulamentariamente. Se o deportista fai uso deste dereito e a análise da mostra B non ratifica o resultado do primeiro control, a medida quedará automaticamente sen efecto, sen prexuízo da obriga da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte de notificarlle ao deportista esta circunstancia.

A medida mencionada no primeiro parágrafo deste punto comunicárase conxuntamente coa resolución de incoación do procedemento sancionador en materia de dopaxe. O afectado poderá formular alegacións sobre a medida adoptada e poderá solicitar a reconsideración da medida en caso de que na presunta infracción puidese intervir un produto contaminado.

2. En calquera outro procedemento sancionador en materia de dopaxe que se encontre en curso, o órgano competente para resolver poderá adoptar, en calquera momento, mediante acordo motivado e respectando os principios de audiencia e proporcionalidade, as medidas de carácter provisional, mesmo a suspensión provisional da licenza federativa ou a inhabilitación para obtela, que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que se poida ditar, o bo fin do procedemento ou a protección provisional dos intereses implicados. A medida consistente na suspensión provisional da licenza federativa ou a inhabilitación para obtela poderá adoptarse, exclusivamente, naqueles casos en que o obxecto do procedemento estea constituído por feitos tipificados como infracción moi grave.

3. A suspensión provisional da licenza adoptada conforme o sinalado nos puntos anteriores entenderase automaticamente levantada se o órgano competente para impoñer a sanción non resolveu o procedemento no prazo de tres meses contado desde a súa incoación, a menos que o atraso se ocasionase por causas imputables ao afectado polo procedemento sancionador ou que o procedemento se suspendese nos casos do artigo 33 da presente lei.

4. A persoa que recibise a notificación do inicio dun procedemento sancionador en materia de dopaxe que non comporte de forma automática a adopción da suspensión provisional poderá voluntariamente decidir aceptar unha suspensión provisional da súa licenza federativa ata que se dite a resolución do procedemento.

5. Se o presunto infractor confesa ou recoñece a súa infracción ante a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte antes de volver competir e despois de que se comunicase a iniciación do procedemento sancionador, o período de suspensión poderase retrotraer ao momento da toma da mostra ou a aquel en que se cometeu a infracción.

Non obstante, será necesario que se cumpra polo menos a metade do período de suspensión despois da resolución en que se impoñía a sanción.

6. En todos os supostos de suspensión provisional, en caso de impoñerse finalmente unha sanción de suspensión da licenza, o período de suspensión provisional descontarase do total imposto desde o momento en que se adopte a medida cautelar. Este efecto producirase sempre que o afectado pola suspensión provisional respectase a suspensión provisional imposta.

En caso de que a decisión inicial fose impugnada, o período de suspensión provisional que fose respectado poderá descontarse do tempo de suspensión da licenza que se impoñía finalmente.

7. A adopción da medida cautelar de suspensión da licenza implicará a suspensión de calquera licenza e a inhabilitación para obter unha nova noutras modalidades ou especialidades deportivas diferentes daquela en cuxa virtude se acordou a suspensión. Aplicarase isto no caso de que a medida cautelar comporte a inhabilitación para obter a licenza federativa.

Artigo 38 bis. *Investigación e dilixencias reservadas.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá tramitar dilixencias reservadas previamente ao inicio dun procedemento sancionador coa finalidade de determinar se hai indicios suficientes para a súa apertura.

As dilixencias reservadas incluírán as actuacións necesarias para determinar a posible existencia dunha infracción en materia de dopaxe.

2. As dilixencias reservadas finalizarán por un dos seguintes actos:

– Iniciación do procedemento sancionador, se consta a existencia de indicios da infracción.

– Arquivamento das dilixencias se non consta a existencia de indicios de infracción.

3. Excepcionalmente, antes da iniciación do procedemento sancionador, o órgano competente, nos casos de urxencia e grave risco ou perigo inminente para a saúde dos deportistas, a realización saudable da práctica deportiva, o xogo limpo ou a integridade da competición, poderá adoptar as medidas cautelares previstas no ordinal segundo do artigo anterior. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes ao da súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda.

En todo caso, as ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca delas.

4. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte iniciará dilixencias reservadas para investigar o persoal de apoio dos deportistas nos casos en que lle conste a existencia dunha infracción cometida cun menor, ou cando algún membro do persoal de apoio dos deportistas traballase ou colaborase con máis dun deportista sancionado por unha infracción en materia de dopaxe.

5. Correspóndelle á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, no ámbito das súas competencias, a realización das investigacións e pescudas necesarias para asegurar o cumprimento do previsto nesta lei.

O persoal identificado que leve a cabo as funcións de investigación e pescuda gozará da consideración de axente da autoridade para todos os efectos e, cando exerza tales funcións e acredite a súa identidade, estará autorizado para proceder ás probas, investigacións ou exames necesarios para comprobar o cumprimento desta lei e das normas que se diten para o seu desenvolvemento.

As actas e dilixencias formalizadas polo persoal que leve a cabo funcións de investigación e pescuda e teña a consideración de axente da autoridade teñen natureza de documentos públicos e constitúen proba. Así mesmo, os feitos consignados nestas actas e dilixencias presúmense certos.

Artigo 39. *Procedemento sancionador.*

1. O procedemento sancionador iníciase mediante resolución da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte como consecuencia da comunicación que faga, de forma directa, o laboratorio de control da dopaxe actuante ou como consecuencia do coñecemento dos feitos ou da recepción das probas de calquera tipo que permitan fundar a posible existencia dunha infracción en materia de dopaxe.

No caso previsto no artigo 15.5 da presente lei, o axente habilitado remitirá sen dilación á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte o documento que acredite a negativa sen xustificación válida a someterse a un control. A recepción por parte da Axencia de tal documento permitirá a iniciación do procedemento sancionador.

Unha vez recibida a dita comunicación, incoarase o procedemento sancionador, sen que as análises e os demais elementos da comunicación do laboratorio poidan ser coñecidos por ningún outro órgano distinto ao sancionador.

Os laboratorios adoptarán as medidas necesarias para que esta comunicación se realice en condicións que permitan manter a confidencialidade e a reserva da identidade do deportista.

Unha vez cumprido o prazo de prescrición previsto no artigo 35 desta lei ou cando se ditase resolución firme no correspondente procedemento sancionador ou causa penal, os laboratorios de control da dopaxe non poderán manter mostras vinculadas a unha persoa identificable.

2. O procedemento sancionador incóase e instrúese de oficio en todos os seus trámites.

Non obstante o anterior, poderán denunciarse ante a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte aqueles feitos que proporcionen indicios da comisión de presuntas condutas ou prácticas de dopaxe. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte establecerá un procedemento para manter en segredo a identidade do denunciante fronte a todos cantos interveñan nos procedementos sancionadores e nas actuacións previas a eles. O denunciante non será considerado parte no procedemento sancionador.

Toda autoridade ou funcionario público que teña constancia da posible existencia dunha infracción administrativa en materia de dopaxe deberá poñelo sen dilación en coñecemento da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

3. No ámbito desta lei, para efecto de notificacións, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte terá en conta o domicilio postal e o enderezo de correo electrónico facilitados polo deportista no formulario de control de dopaxe ou no formulario de localización e, en ausencia deste, os que figuren na Axencia. Para todos os efectos, entenderase que o deportista, ao facilitar o enderezo de correo electrónico e o enderezo postal no formulario de control de dopaxe, ou no formulario de localización, consente na súa utilización para efectos de notificacións en calquera procedemento sancionador ou medida cautelar en que puiden estar inmerso. En todo caso, as notificacións practicadas conforme o previsto neste artigo seguirán o réxime xeral establecido na lexislación de réxime xurídico.

Os datos recollidos para efectos de notificacións poderán ser incorporados aos servizos comúns en relación coa xestión de información de contacto de cidadáns.

O deportista poderá designar como domicilio de notificacións, para os efectos previstos neste artigo o do club, equipo ou entidade deportiva a que pertenza ou o do seu representante. En calquera momento do procedemento sancionador, o expedientado poderá facilitar un novo domicilio de notificacións que producirá efecto a partir da dita notificación, sen efecto retroactivo no expediente.

Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, mediante os modelos normalizados que se establezan para o efecto, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos.

Adicionalmente, o interesado poderá identificar un dispositivo electrónico e/ou un enderezo de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos regulados neste artigo pero non para a práctica de notificacións. Se o interesado non manifesta outra cosa, considerarase como enderezo de correo electrónico para o envío de avisos para os efectos previstos neste artigo o que o deportista facilite no mesmo formulario de control de dopaxe.

Con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta á disposición, da recepción ou acceso por parte do interesado ou do seu representante, das súas datas e horas, do contido íntegro e da identidade fidedigna do remitente e destinatario dela. A credencial da notificación efectuada incorporarase ao expediente.

Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non estar presente este no momento de se entregar a notificación, poderá facerse cargo desta calquera persoa maior de catorce anos que se encontre no domicilio e faga constar a súa identidade. Se ninguén se fai cargo da notificación, farase constar esta circunstancia no expediente, xunto co día e a hora en que se intentou a notificación, intento que se repetirá por unha soa vez e nunha hora distinta dentro dos tres días seguintes. En caso de que o primeiro intento de notificación se realizase antes das quince horas, o segundo intento deberase realizar despois das quince horas e viceversa, deixando, en todo caso, polo menos unha marxe de diferenza de tres horas entre ambos os intentos de notificación.

Cando o interesado ou o seu representante rexeite a notificación dunha actuación administrativa, farase constar no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación, e terase por efectuado o trámite seguíndose o procedemento.

Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado».

Así mesmo, previamente e con carácter facultativo, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá publicar un anuncio no boletín oficial da comunidade autónoma ou da provincia.

4. A tramitación destes procedementos terá carácter de preferente co fin de cumprir os prazos establecidos nesta lei.

5. No procedemento sancionador en materia de dopaxe, a Administración e a persoa afectada por aquel poderán servirse de todos os medios de proba admisibles en dereito, incluído o pasaporte biolóxico se existen datos sobre este. As ditas probas deberanse valorar de modo conxunto de acordo coas regras da sa crítica.

6. Non obstante o disposto no punto anterior serán de inescusable aplicación as seguintes regras especiais de proba:

a) Un resultado analítico adverso nun control de dopaxe constituirá proba de cargo ou suficiente para os efectos de considerar existentes as infraccións tipificadas no artigo 22.1.a) e b) desta lei. Para estes efectos, considerarase proba suficiente a concurrencia de calquera das circunstancias seguintes:

– Presenza dunha substancia prohibida ou dos seus metabolitos ou marcadores na mostra A do deportista cando este renuncie á análise da mostra B e esta non se analiza;

– Cando a mostra B do deportista se analice, aínda que o deportista non solicitase a súa análise, e a análise confirme a presenza da substancia prohibida ou dos seus metabolitos ou marcadores detectados na mostra A do deportista;

– Se se divide a mostra B do deportista en dous botes e a análise do segundo confirma a presenza da substancia prohibida ou dos seus metabolitos ou marcadores detectados no primeiro bote.

b) En caso de negativa ou resistencia a someterse aos controis, o documento que acredite a negativa suscrito polo persoal habilitado a que se refire o artigo 15.5 desta lei terá valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poden sinalar ou achegar os propios interesados para os efectos de acreditar que existía xustificación válida.

c) Presúmese que os laboratorios de control de dopaxe acreditados ou aprobados pola Axencia Mundial Antidopaxe realizan as análises de mostra e aplican os procedementos de custodia conforme a normativa aplicable salvo proba en contrario que acredite que o incumprimento de tales normas podería ser a causa razoable do resultado analítico adverso. O deportista ou outra persoa pode demostrar que o laboratorio contraveu a regulación aplicable e que esta circunstancia podería razoablemente ter causado o resultado analítico adverso que deu lugar á

incoación do procedemento; neste caso, o órgano competente terá a carga de demostrar que esa contravención da normativa aplicable non deu lugar ao resultado analítico adverso.

Nestes casos, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poñerá esta circunstancia en coñecemento da Axencia Mundial Antidopaxe para os efectos da interposición dun posible recurso contra a decisión.

d) Presúmese, salvo proba en contrario, a validez científica dos métodos analíticos e dos límites de decisión que apliquen os laboratorios de control antidopaxe debidamente autorizados.

e) Calquera contravención dunha norma aplicable nos procedementos de control da dopaxe que non sexa causa directa dun resultado analítico adverso ou doutra infracción non determinará a invalidez do resultado. En caso de que o deportista ou outra persoa proben que a contravención con respecto á normativa aplicable podería ter sido causa do resultado analítico adverso ou da infracción, o órgano competente deberá acreditar que esta non foi a causa do resultado analítico adverso.

f) O presunto infractor poderá refutar todos os feitos e presuncións que o prexudiquen, incluídos os mencionados no número 6.a), e probar os feitos e circunstancias necesarios para a súa defensa.

7. O procedemento sancionador en materia de dopaxe deberá concluír no prazo máximo de doce meses contados desde a adopción do acordo de incoación do procedemento. O vencemento do prazo establecido no parágrafo anterior sen que se notificase resolución expresa producirá a caducidade do procedemento. A declaración de caducidade poderá ditarse de oficio ou por instancia do interesado e implicará o arquivamento das actuacións. Sen prexuízo do anterior, non impedirá que se inicie un novo procedemento sancionador dentro do prazo legal de prescrición.

8. O procedemento sancionador en materia de dopaxe terminará mediante resolución ou por caducidade. A resolución do procedemento non pon fin á vía administrativa e será susceptible de revisión de acordo co establecido no artigo 40 desta lei.

9. As sancións impostas polos órganos disciplinarios competentes son inmediatamente executivas, desde a data en que se notifique a resolución sancionadora, salvo que o órgano que deba coñecer dos recursos contra a dita resolución acorde a súa suspensión. As suspensións das licenzas producirán efecto desde a súa notificación en forma ao suxeito afectado ou ás persoas, órganos ou entidades, públicos ou privados, que teñan que executalas, sen necesidade de actos concretos de execución. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte deberá notificar as resolucións sancionadoras nun prazo de 15 días. O atraso na notificación non afectará a validez da resolución ditada. No caso de que unha sanción de inhabilitación chegue a prescribir nos casos do artigo 35 desta lei, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte procederá disciplinariamente contra os responsables da dita falta de notificación.

Non obstante, as ditas resolucións sancionadoras serán notificadas á Axencia Mundial Antidopaxe, ás federacións internacionais e nacionais e ás demais entidades mencionadas no artigo 40.4 da presente lei.

Sen prexuízo do anterior, se o suxeito afectado admite os feitos constitutivos de infracción desde o momento da comunicación da resolución de incoación polo órgano competente e, en todo caso, antes de volver competir, o cómputo do período de suspensión poderá comezar desde a data do control de dopaxe ou de produción dos feitos, aínda que, en todo caso, polo menos a metade do período de suspensión se deberá cumprir desde a data da resolución do procedemento pola cal se impón a sanción. Esta previsión non será de aplicación cando o período de suspensión foi xa reducido ao abeiro do disposto no artigo 27.3.c) desta lei.

Se o suxeito sancionado cumpre un período de suspensión ou privación da licenza federativa en virtude dunha decisión contra a cal se recorre posteriormente conforme o artigo 40, o período cumprido poderase deducir do que lle impoña definitivamente a resolución do recurso.

En caso de que se adopte a suspensión provisional prevista no artigo 38 desta lei, a súa duración deducirase do prazo total de suspensión finalmente imposto, sempre e cando se respecte a dita suspensión. Non terá ningún efecto sobre o prazo final que hai que cumprir o feito de que o deportista ou outra persoa deixase voluntariamente de competir ou fose suspendido polo seu propio equipo.

Nos deportes de equipo, se se impón a un deles a suspensión provisional da licenza federativa, o dito período poderase deducir do período de sanción total que se teña que cumprir cando se dite a resolución.

En caso de que se produza unha demora relevante no procedemento, non imputable ao deportista ou a outra persoa, o órgano competente poderá ordenar motivadamente que o período de suspensión se compute desde unha data anterior, incluída a data do control de dopaxe ou de comisión da infracción.

10. As resolucións que impoñan sancións pola comisión de infraccións moi graves das previstas no artigo 22.1 serán obxecto de publicación por parte do órgano que as ditase, salvo no caso de que afecten menores, en cuxo suposto se valorará a pertinencia da publicación atendendo ás circunstancias do caso. Para a dita publicación utilizaranse de maneira preferente medios telemáticos.

A publicación referirase a sancións firmes na vía administrativa e unicamente conterá os datos relativos ao infractor, especialidade deportiva, precepto vulnerado e sanción imposta. Non conterá datos sobre o método ou a substancia empregada, salvo que resulte completamente imprescindible.

Esta publicación non se poderá manter despois da finalización do prazo de duración da sanción.

11. En todo o non previsto neste capítulo II serán de aplicación supletoria as regras previstas para o procedemento sancionador común contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 39 bis. *Resultados anómalos e resultados anómalos no pasaporte biolóxico.*

No caso de resultados anómalos e resultados anómalos no pasaporte biolóxico, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte realizará as investigacións correspondentes, para o cal recollerá probas co fin de determinar se se produciu unha infracción das normas antidopaxe.

Artigo 39 ter. *Resultados adversos no pasaporte biolóxico.*

A tramitación dos procedementos no caso de resultados adversos no pasaporte biolóxico realizarase nos termos do artigo anterior coas especialidades definidas regulamentariamente, que deberán respectar as normas esenciais das normas internacionais sobre controis e investigacións e sobre laboratorios da Axencia Mundial Antidopaxe.»

Dezasete. Modifícase a sección 3.^a do capítulo II do título II, que queda redactada da seguinte forma:

«Sección 3.^a *Da revisión de sancións en materia de dopaxe*

Artigo 40. *Do recurso administrativo especial en materia de dopaxe no deporte.*

1. Poderase recorrer perante o Tribunal Administrativo do Deporte contra as resolucións adoptadas conforme a presente lei pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, ou contra os actos de trámite que decidan directa ou

indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, causen indefensión ou prexuízo irreparable para os dereitos e intereses lexítimos dos afectados.

En todo caso, poderase recorrer contra as seguintes resolucións:

- a) As que determinen a comisión de infraccións antidopaxe, xa impoñan unha sanción xa resulten absolutorias.
- b) As que arquiven calquera procedemento seguido por infracción das normas previstas na presente lei, ben por motivos formais ou ben por causas de fondo, determinando a non continuación do procedemento.
- c) As que declaren o quebrantamento dunha sanción, incluíndo o incumprimento da prohibición de participación durante a suspensión.
- d) As que fixen a incompetencia do órgano que as dita.
- e) As que impoñan unha suspensión provisional.
- f) As relativas ás autorizacións de uso terapéutico adoptadas conforme a presente lei.
- g) As relativas ás suspensións provisionais das licenzas.
- h) As decisións referentes á reintegración do período de suspensión nos casos do artigo 36.4.
- i) As decisións da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte de non recoñecer a decisión doutra organización antidopaxe, de acordo co previsto no ordinal 2º do artigo 31 desta lei.
- j) As resolucións en que se acorde a suspensión ou non suspensión das sancións impostas, así como o reintegro ou non reintegro dos períodos suspendidos, nos casos previstos no artigo 36 desta lei.

2. De conformidade co disposto no artigo 37.1, contra as resolucións ditadas en relación con deportistas que por seren cualificados oficialmente como de nivel internacional non estean incluídos no ámbito de aplicación desta lei ou contra as que se diten no marco dunha competición internacional poderase recorrer perante o órgano e de acordo co sistema de resolución de conflitos previsto na normativa da federación internacional correspondente.

3. O prazo para interpoñer o recurso será de trinta días, contado desde o seguinte ao da notificación da resolución. Transcorrido este prazo, a resolución gañará firmeza.

4. Terán lexitimación para recorrer as persoas físicas ou xurídicas afectadas pola resolución ditada, e en todo caso:

- a) O deportista ou suxeito afectado pola resolución.
- b) A eventual parte contraria na resolución ou os prexudicados pola decisión.
- c) A federación deportiva internacional correspondente.
- d) O organismo antidopaxe do país de residencia do suxeito afectado.
- e) A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.
- f) A Axencia Mundial Antidopaxe.
- g) O Comité Olímpico Internacional ou o Comité Paralímpico Internacional cando a resolución afecte os xogos olímpicos ou os xogos paralímpicos.

5. O recurso especial en materia de dopaxe no deporte tramitarase conforme as regras establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para o recurso de alzada coas seguintes especialidades:

- a) O prazo máximo de resolución e notificación da resolución será de tres meses, contados desde a data en que o escrito de iniciación teña entrada no rexistro do Tribunal Administrativo do Deporte. Tales resolucións deberán ser comunicadas polo Tribunal Administrativo do Deporte, en todo caso, á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e á Axencia Mundial Antidopaxe.

b) Transcorrido o dito prazo sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimado o recurso.

c) O Tribunal Administrativo do Deporte decidirá cantas cuestións formule o procedemento, fosen ou non formuladas polos interesados. Neste caso oiraos previamente.

d) As resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte nesta materia son inmediatamente executivas, esgotan a vía administrativa e contra elas as persoas lexitimadas mencionadas no ordinal cuarto deste artigo poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo.

6. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, contra as resolucións que se refiren nel poderán recorrer a Axencia Mundial Antidopaxe, a correspondente federación deportiva internacional e o Comité Olímpico Internacional ou o Comité Paralímpico Internacional ante o órgano e de acordo co sistema de resolución de conflitos previsto nas súas respectivas normativas reguladoras.»

7. As persoas suxeitas ao ámbito de aplicación do título II poderán voluntariamente, co consentimento da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, da Axencia Mundial Antidopaxe e da federación internacional correspondente, prescindir deste recurso e expoñer o seu caso perante o Tribunal Arbitral do Deporte. Para estes efectos, necesitarase tamén o consentimento do Comité Olímpico Internacional e do Comité Paralímpico Internacional cando a resolución afecte os xogos olímpicos ou os xogos paralímpicos, e tamén do organismo antidopaxe do país de residencia do suxeito afectado cando o país de residencia do deportista non sexa España.»

Dezaoito. Modifícanse as seccións 1.^a e 2.^a do capítulo III «Protección da saúde» do título II, que quedan redactadas da seguinte forma:

«Sección 1.^a A planificación da protección da saúde

Artigo 41. Actuación do Consello Superior de Deportes.

1. O Consello Superior de Deportes establecerá unha política efectiva de protección da saúde dos deportistas e das persoas que realizan a actividade deportiva.

Esta política plasmarase nun plan de apoio á saúde no ámbito da actividade deportiva que determine os riscos comúns e específicos, en especial atendendo ás diferentes necesidades de mulleres, homes e menores de idade, así como ás necesidades específicas por razón de discapacidade e ás medidas de prevención, conservación e recuperación que poidan resultar necesarias en función dos riscos detectados.

Artigo 42. Medios persoais e materiais.

O Consello Superior de Deportes, en colaboración coas comunidades autónomas e coas entidades locais, definirá os elementos, os medios, o material e o persoal necesario para contribuír a unha práctica deportiva máis segura en todas as instalacións deportivas en función das súas respectivas características.

Artigo 43. Medidas de carácter específico.

1. No marco do plan establecido no artigo 41, correspóndelle ao Consello Superior de Deportes a realización, entre outras que poidan ser necesarias, das seguintes actividades:

a) Propoñer criterios e regras técnicas para que as competicións e probas de modalidades deportivas se configuren de modo que non afecten nin a saúde nin a integridade dos deportistas.

b) Realizar propostas sobre a asistencia sanitaria que se lles debe dispensar aos deportistas e sobre os dispositivos mínimos de asistencia sanitaria que deben existir nas competicións deportivas.

c) Realizar propostas sobre o tratamento da saúde dos deportistas e os sistemas de cobertura desta.

2. Cando a competencia para a realización das medidas anteriores corresponda ás comunidades autónomas, o Consello Superior de Deportes actuará coordinadamente con elas e a través dos mecanismos de cooperación que se determinen.

Artigo 44. *Investigación.*

1. O Consello Superior de Deportes, en colaboración co Sistema nacional de saúde e no marco dos plans estatais de investigación, promoverá a investigación científica asociada á práctica deportiva, á aplicación da actividade deportiva no tratamento e prevención de enfermidades e á loita contra o dopaxe, atendendo ás diferentes necesidades de mulleres, homes e menores de idade, así como ás necesidades específicas por razón de discapacidade.

2. Para a mellor consecución dos fins de investigación, o Consello Superior de Deportes promoverá a adhesión voluntaria das sociedades científicas e dos centros e profesionais que se dediquen á medicina deportiva, co obxecto de constituír unha rede de centros especializados na materia mediante a subscrición dos correspondentes convenios de colaboración.

3. A información que acheguen cantos compoñan a rede utilizarase para a reconfiguración e actualización do Plan de apoio á saúde con pleno respecto á normativa de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 45. *Currículos formativos.*

Nos programas formativos dos técnicos deportivos e demais titulacións relacionadas coa saúde no deporte incluíranse determinacións específicas para asegurar que os docentes teñan os coñecementos necesarios no plano da fisioloxía, a hixiene, a biomecánica, a nutrición e demais áreas que teñan relación con esta, incluída a aplicación da actividade física para o tratamento e a prevención de enfermidades, con especial referencia ás necesidades específicas de mulleres, homes e menores de idade, así como por razón de discapacidade.

Sección 2.ª Medidas específicas mínimas

Artigo 46. *Dos recoñecementos médicos.*

1. O Consello Superior de Deportes determinará progresivamente a obriga de efectuar recoñecementos médicos, con carácter previo á expedición da correspondente licenza federativa, naqueles deportes en que se considere necesario para unha mellor prevención dos riscos para a saúde dos seus practicantes.

2. Mediante a realización destes recoñecementos médicos preténdese protexer a saúde do deportista en relación coa actividade deportiva. No deseño dos recoñecementos e na aplicación a cada modalidade deportiva teranse en conta:

- a) As características da modalidade deportiva que vaia practicar.
- b) O esforzo e demais condicións físicas que exixa a práctica da modalidade deportiva correspondente.
- c) As condicións ambientais en que se practique.
- d) As necesidades específicas de mulleres e homes, dos menores de idade e de persoas con discapacidade.

3. A obriga prevista neste artigo e as modalidades e o alcance dos recoñecementos determinaranse regulamentariamente.

Artigo 47. *Dos recoñecementos e seguimentos de saúde dos deportistas de alto nivel.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 43, o Consello Superior de Deportes establecerá un sistema de seguimento da saúde dos deportistas de alto nivel que contribúa a asegurar convenientemente os riscos da súa práctica deportiva e a previr accidentes e enfermidades relacionados con ela.

Esta actuación constituirá unha prioridade dos medios da medicina deportiva da Administración xeral do Estado.

Artigo 48. *Dos seguimentos e a protección da saúde dos deportistas profesionais.*

1. No marco da acción protectora do sistema da Seguridade Social, as actividades de protección que a Lei xeral da seguridade social, aprobada polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, lles confire ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, cando ás ditas entidades lles poida corresponder a cobertura de deportistas profesionais, deberán prever o desenvolvemento de programas específicos orientados a protexer a saúde e previr os riscos de accidentes de natureza laboral aos cales poida estar exposto o dito colectivo, así como a realización de actuacións puntuais dirixidas á recuperación daquelas lesións ou patoloxías que poidan derivar da propia práctica deportiva.

2. Para tales efectos, o Consello Superior de Deportes facilitará ás referidas entidades os criterios, estudos, estatísticas e, en xeral, canta información teña, para contribuír, con isto, ao logro dunha protección máis eficaz e máis especializada de tales deportistas.

Artigo 49. *Tarxeta de saúde do deportista.*

1. A tarxeta de saúde do deportista é un documento que expide o Consello Superior de Deportes a aqueles que teñen especificamente recoñecida a condición de deportistas de alto nivel ou son contractualmente recoñecidos como deportistas profesionais, así como ao resto de deportistas federados no marco dos convenios específicos que para tal efecto realicen as federacións deportivas españolas.

2. A tarxeta de saúde ten como finalidade dispoñer da mellor información posible por parte do deportista e do persoal sanitario que o atenda no momento de decidir o tratamento aplicable ante unha doenza. O acceso á información contida nela quedará limitado ao deportista e ao persoal sanitario que o atenda.

3. O contido e a información que se inclúa na tarxeta de saúde determinarase regulamentariamente logo de informe da Axencia Española de Protección de Datos.

Artigo 50. *Da protección da saúde cando finaliza a actividade deportiva.*

1. O Consello Superior de Deportes, en colaboración co Sistema nacional de saúde, establecerá un programa específico para a protección de saúde e a recuperación ou o tratamento dos deportistas que conclúsen a súa actividade deportiva e que presenten secuelas como consecuencia desta.

2. Os termos deste programa determinarase regulamentariamente e no seu establecemento fomentarse a participación voluntaria dos centros que compoñen a rede a que se refire o artigo 44.2, das asociacións de deportistas, das federacións deportivas, mutualidades e das demais entidades públicas ou privadas que teñan interese en colaborar.»

Dezanove. Modifícase o anexo I, que queda redactado da seguinte forma:

«ANEXO

Definicións

1. Administración: a provisión, subministración, supervisión, facilitación ou outra participación no uso ou intento de uso por outra persoa dunha substancia prohibida ou método prohibido. Non obstante, esta definición non incluírá as accións de persoal médico de boa fe que supoñan o uso dunha substancia prohibida ou método prohibido con fins terapéuticos xenuínos e legais ou con outra xustificación aceptable, e tampouco as accións que impliquen o uso de substancias prohibidas que non estean prohibidas nos controis fóra de competición, salvo que as circunstancias, tomadas no seu conxunto, demostren que as ditas substancias prohibidas non están destinadas a fins terapéuticos xenuínos e legais ou teñen por obxecto mellorar o rendemento deportivo.

2. AMA: a Axencia Mundial Antidopaxe. Fundación creada e rexida polo dereito suízo.

3. Anulación: véxase «Consecuencias da infracción das normas antidopaxe».

4. Autorización de uso terapéutico (AUT): autorización por medio da cal un deportista queda facultado para facer uso dunha substancia prohibida ou un método prohibido contido na Lista de substancias e métodos prohibidos, concedida polo Comité de Autorizacións de Uso Terapéutico de acordo co procedemento establecido.

5. Axuda substancial: para os efectos do disposto nos artigos 27.3.c) e 36 desta lei, unha persoa que proporcione axuda substancial deberá: (1) revelar por completo mediante unha declaración escrita e asinada toda a información que posúa en relación coas infraccións das normas antidopaxe, e (2) colaborar plenamente na investigación e nas decisións que se tomen sobre calquera caso relacionado con esa información, o cal inclúe, por exemplo, testificar durante unha audiencia se así llo exige unha organización antidopaxe ou tribunal de expertos. Así mesmo, a información facilitada debe ser crible e constituír unha parte importante do caso aberto ou, en caso de non se ter iniciado este, debe ter proporcionado un fundamento suficiente sobre o cal se podería ter tramitado un caso.

6. Código: o Código mundial antidopaxe e as definicións que se conteñen no seu anexo para a súa interpretación.

7. Comité Olímpico Nacional: a organización recoñecida polo Comité Olímpico Internacional.

8. Competición: unha proba única, un partido, unha partida ou un concurso deportivo concreto.

9. Consecuencias da infracción das normas antidopaxe («Consecuencias»): a infracción por parte dun deportista ou doutra persoa dunha norma antidopaxe pode supoñer algunha ou varias das consecuencias seguintes: (a) anulación significa a invalidación dos resultados dun deportista nunha competición ou acontecemento concreto, con todas as consecuencias resultantes, como a retirada das medallas, os puntos e os premios; (b) suspensión significa que se prohíbe ao deportista ou a outra persoa participar, durante un período de tempo determinado ou a perpetuidade, en ningunha calidade, en ningunha competición ou actividade nos termos do artigo 31.3 e obter financiamento nos termos do artigo 31.4; (c) suspensión provisional significa que se prohíbe temporalmente ao deportista ou a outra persoa participar en calquera competición ou actividade ata que se dite a decisión definitiva no procedemento sancionador regulado no artigo 39; (d) consecuencias económicas significa unha sanción económica imposta por unha infracción das normas antidopaxe ou co obxecto de resarcirse dos custos asociados á dita infracción; e (e) divulgación ou información pública significa a difusión ou distribución de información ao público xeral ou a persoas non incluídas no persoal autorizado a ter notificacións

previas de acordo co artigo 14 do Código mundial antidopaxe. Nos deportes de equipo, os equipos tamén poderán ser obxecto das consecuencias previstas no artigo 11 do Código mundial antidopaxe.

10. Consecuencias económicas: véxase «Consecuencias da infracción das normas antidopaxe».

11. Control: parte do proceso global de control da dopaxe que comprende a planificación de distribución dos controis, a recollida de mostras, a manipulación de mostras e o seu envío ao laboratorio.

12. Control da dopaxe: todos os trámites que van desde a planificación de controis ata a resolución dun eventual recurso ante o Tribunal Administrativo do Deporte, incluídos todos os pasos de procesos intermedios, tales como facilitar información sobre a localización, a recollida e a manipulación de mostras, as análises de laboratorio, as autorizacións de uso terapéutico, a xestión dos resultados e o procedemento sancionador.

13. Controis dirixidos: selección de deportistas específicos para a realización de controis conforme os criterios establecidos no Estándar internacional para controis e investigacións.

14. Convención da Unesco: Convención internacional contra a dopaxe no deporte adoptada durante a 33ª sesión da Asemblea Xeral da Unesco, o 19 de outubro de 2005, que inclúe todas e cada unha das emendas adoptadas polos Estados partes asinantes da Convención e pola Conferencia das partes signatarias da Convención internacional contra a dopaxe no deporte.

15. Deporte de equipo: deporte que autoriza a substitución de xogadores durante unha competición.

16. Deporte individual: calquera deporte que non sexa de equipo.

17. Deportista: calquera persoa que participe nun deporte a nivel internacional ou nacional, así como calquera outro competidor no deporte que está suxeito á xurisdición de calquera signatario ou a outra organización deportiva que acepte o código.

18. Deportista de nivel internacional: considéranse deportistas de nivel internacional para os efectos desta lei os deportistas definidos como tales por cada federación internacional de conformidade co Estándar internacional para controis e investigacións.

19. Deportista de nivel nacional: considéranse deportistas de nivel nacional, para os efectos desta lei, os deportistas titulares dunha licenza expedida por unha federación deportiva de ámbito autonómico que estea integrada na correspondente federación estatal, ou os titulares dunha licenza expedida, nos casos en que legalmente proceda, pola federación estatal, que non sexan de nivel internacional de acordo coa definición anterior.

20. Divulgación pública ou comunicación pública: véxase «Consecuencias da infracción das normas antidopaxe».

21. Duración do evento: tempo transcorrido entre o principio e o final dun evento, segundo estableza o seu organismo responsable.

22. En competición: significa que o período comeza desde 12 horas antes de celebrarse unha competición na cal o deportista teña previsto participar ata o final da dita competición e o proceso de recollida de mostras relacionado con ela.

23. Estándar internacional: norma adoptada pola Axencia Mundial Antidopaxe en apoio do código. O respecto do estándar internacional (en contraposición con outra norma, práctica ou procedemento alternativo) abondará para determinar que se executaron correctamente os procedementos previstos no estándar internacional. Entre os estándares internacionais incluírase calquera documento técnico publicado de acordo co dito estándar internacional.

24. Evento (deportivo): serie ou parte das competicións que se desenvolven baixo a dirección dun único organismo deportivo que adopta as regras de participación e organización deste.

Polo ámbito territorial en que se desenvolven pódense clasificar en:

– Evento internacional: un evento ou competición en que o Comité Olímpico Internacional, o Comité Paralímpico Internacional, unha federación internacional, a organización responsable de grandes eventos ou outra organización deportiva internacional actúan como organismo responsable do evento ou nomean os delegados técnicos deste.

– Evento nacional: un evento ou competición que non sexa internacional, independentemente de que participen deportistas de nivel nacional ou internacional.

25. Fóra de competición: todo período que non sexa en competición.

26. Grupo de seguimento: grupo de deportistas da máis alta prioridade identificados separadamente a nivel internacional polas federacións internacionais e a nivel nacional pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, que están suxeitos á vez a controis específicos en competición e fóra de competición no marco da planificación de distribución dos controis da dita federación internacional ou axencia e que están obrigados a proporcionar información acerca da súa localización conforme o artigo 11.

27. Intento: conduta voluntaria que constitúe un paso substancial no curso dunha acción planificada cuxo obxectivo é a comisión dunha infracción de normas antidopaxe.

28. Lista de substancias e métodos prohibidos: lista aprobada anualmente por resolución da Presidencia do Consello Superior de Deportes e publicada no *Boletín Oficial del Estado*, de acordo cos compromisos internacionais asumidos por España e, en particular, da Convención Antidopaxe da Unesco, en que constan todas as substancias e os métodos que están prohibidos no deporte e cuxo consumo ou utilización poden dar lugar a unha sanción por dopaxe.

29. Manipulación fraudulenta: alterar con fins ilexítimos ou dunha maneira ilexítima; exercer unha influencia inadecuada nun resultado; interferir ilexítimamente, obstruír, enganar ou participar en calquera acto fraudulento para modificar os resultados ou para evitar que se produzan os procedementos normais.

30. Marcador: un composto, un grupo de compostos ou variable(s) biolóxica(s) que indican o uso dunha substancia prohibida ou dun método prohibido.

31. Menor: persoa física que non alcanzou a idade de dezoito anos.

32. Metabolito: calquera substancia producida por un proceso de biotransformación.

33. Método prohibido: calquera método descrito como tal na Lista de substancias e métodos prohibidos.

34. Mostra: calquera material biolóxico recollido con fins de control do dopaxe.

35. Organización antidopaxe: un signatario que é responsable da adopción de normas para iniciar, poñer en práctica ou exixir o cumprimento de calquera parte do proceso de control da dopaxe. Isto inclúe, por exemplo, o Comité Olímpico Internacional, o Comité Paralímpico Internacional, outras organizacións responsables de grandes eventos deportivos que realizan controis en eventos dos cales sexan responsables, a Axencia Mundial Antidopaxe, as federacións internacionais e as organizacións nacionais antidopaxe.

36. Organización nacional antidopaxe: a ou as entidades designadas por cada país como autoridade principal responsable da adopción e a posta en práctica de normas antidopaxe, da recollida de mostras, da xestión dos resultados e da tramitación do procedemento sancionador a nivel nacional. En España é a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

37. Organizacións responsables de grandes eventos: as asociacións continentais de comités olímpicos nacionais e outras organizacións multideportivas internacionais que funcionan como organismo reitor dun evento continental, rexional ou internacional.

38. Participante: calquera deportista ou persoal de apoio ao deportista.

39. Pasaporte biolóxico do deportista: o programa e os métodos de recollida e cotexo de datos descrito no Estándar internacional para controis e investigacións e no Estándar internacional para laboratorios da Axencia Mundial Antidopaxe.

40. Persoa: unha persoa física ou unha organización ou outra entidade.

41. Persoal de apoio aos deportistas: calquera adestrador, preparador físico, director deportivo, axente, persoal do equipo, funcionario, persoal médico ou paramédico, pai, nai ou calquera outra persoa que traballe con, trate ou axude deportistas que participen en ou se preparen para competicións deportivas.

42. Posesión: posesión física ou de feito (que só se determinará se a persoa exerce ou pretende exercer un control exclusivo da substancia ou método prohibidos ou do lugar en que se encontren a substancia ou método prohibidos); dado, porén, que se a persoa non exerce un control exclusivo da substancia ou método prohibido ou do lugar en que se encontre a substancia ou método prohibido, a posesión de feito só se apreciará se a persoa tiver coñecemento da presenza da substancia ou método prohibido e tiña a intención de exercer un control sobre el; polo tanto, non poderá haber infracción das normas antidopaxe sobre a base da simple posesión se, antes de recibir calquera notificación que lle comunique unha infracción das normas antidopaxe, a persoa tomou medidas concretas que demostren que xa non ten vontade de posesión e que renunciou a ela declarándoo explicitamente ante unha organización antidopaxe. Sen prexuízo de calquera outra afirmación en contrario recollida nesta definición, a compra (mesmo por medios electrónicos ou doutra índole) dunha substancia ou método prohibido constitúe posesión por parte da persoa que realice a dita compra.

43. Produto contaminado: un produto que contén unha substancia prohibida que non está descrita na etiqueta do produto nin na información dispoñible nunha busca razoable na internet.

44. Resultado adverso no pasaporte: un informe identificado como un resultado adverso no pasaporte descrito nos estándares internacionais aplicables da Axencia Mundial Antidopaxe.

45. Resultado analítico adverso: un informe por parte dun laboratorio acreditado ou aprobado pola Axencia Mundial Antidopaxe que, de conformidade co Estándar internacional para laboratorios e outros documentos técnicos relacionados, identifique nunha mostra a presenza dunha substancia prohibida ou dos seus metabolitos ou marcadores ou evidencias do uso dun método prohibido.

46. Resultado anómalo: informe emitido por un laboratorio acreditado ou aprobado pola Axencia Mundial Antidopaxe que require unha investigación máis detallada segundo o Estándar internacional para laboratorios da Axencia Mundial Antidopaxe ou os documentos técnicos relacionados antes de decidir sobre a existencia dun resultado analítico adverso.

47. Resultado anómalo no pasaporte: un informe identificado como un resultado anómalo no pasaporte descrito nos estándares internacionais aplicables da Axencia Mundial Antidopaxe.

48. Sede do evento: as sedes designadas pola autoridade responsable do evento.

49. Signatarios: aquelas entidades asinantes do Código mundial antidopaxe e que acepten cumprir co disposto no código, de acordo co previsto no artigo 23 do Código mundial antidopaxe.

50. Sistema de información establecido pola Axencia Mundial Antidopaxe: trátase dunha ferramenta para a xestión de bases de datos situada nun sitio web para introducir información, almacenala, compartila e elaborar informes co fin de axudar as partes interesadas e a Axencia Mundial Antidopaxe nas súas actividades contra a dopaxe xunto coa lexislación relativa á protección de datos.

Este sistema leva, na actualidade, o nome de «Anti-Doping Administration and Management System» (ADAMS).

51. Suspensión provisional: véxase máis arriba «Consecuencias da infracción das normas antidopaxe».

52. Suspensión: véxase máis arriba «Consecuencias da infracción das normas antidopaxe».

53. Substancias específicas: calquera substancia descrita como tal na Lista de substancias e métodos prohibidos.

54. Substancia prohibida: calquera substancia ou grupo de substancias descrita como tal na Lista de substancias e métodos prohibidos.

55. Tráfico: a venda, entrega, transporte, envío, repartición ou distribución (ou a posesión con calquera destes fins) dunha substancia prohibida ou método prohibido (xa sexa fisicamente, xa por medios electrónicos ou doutra índole) por parte dun deportista, o persoal de apoio ao deportista ou calquera outra persoa sometida á xurisdición dunha organización antidopaxe a calquera terceiro; non obstante, esta definición non inclúe as accións de boa fe que realice o persoal médico en relación cunha substancia prohibida utilizada para propósitos terapéuticos xenuíños e legais ou outra xustificación aceptable, e non incluírá accións relacionadas con substancias prohibidas que non estean prohibidas fóra de competición, a menos que as circunstancias no seu conxunto demostren que a finalidade das ditas substancias prohibidas non sexa para propósitos terapéuticos xenuíños e legais ou que teñan por obxecto mellorar o rendemento deportivo.

56. Tribunal de Arbitraje Deportiva: institución independente para a solución de controversias relacionadas co deporte a través da arbitraje ou a mediación por medio de normas de procedemento adaptadas ás necesidades específicas do mundo do deporte.

57. Uso: a utilización, aplicación, inxestión, inxección ou consumo por calquera medio dunha substancia prohibida ou dun método prohibido.»

Vinte. Suprímese o anexo II «Reincidencia. Infraccións».

Disposición derradeira primeira. *Beneficios fiscais aplicables ao «Programa de preparación dos deportistas españois dos Xogos de Tokio 2020».*

1. O «Programa de preparación dos deportistas españois dos Xogos de Tokio 2020» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. A duración deste programa abranguerá do 1 de xaneiro de 2017 ao 31 de decembro de 2020.

3. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

4. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren unha adecuada preparación técnico-deportiva dos deportistas españois para os Xogos de Tokio 2020. O desenvolvemento e a concreción en plans e programas de actividades específicas serán realizados polo órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

5. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002. Non obstante, as cantidades satisfeitas en concepto de patrocinio polos patrocinadores ás entidades a que se refire o artigo 2 da Lei 49/2002, encargadas da realización de programas e actividades do acontecemento, teranse en conta para efectos do cálculo do límite previsto no segundo parágrafo do número primeiro do artigo 27.3 da Lei 49/2002, antes mencionada.

As cantidades satisfeitas en concepto de patrocinio, ás cales se fai referencia no parágrafo anterior, non terán a consideración de gasto deducible na base imponible do imposto sobre sociedades.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario e habilitación normativa.*

1. Habilítase o Goberno para aprobar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente disposición.

2. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta norma, o Goberno aprobará a modificación dos estatutos do Consello Superior de Deportes e da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para adaptar as súas funcións e estrutura orgánica ao previsto nela.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de febreiro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY